A MORTE DE LUÍS XIV

[Albert Serra, 2016]

174

OS OLLOS VERDES
ESTREA EN NUMAX: 29.11.2016 | V.O.S.E. | +7

FICHA TÉCNICA

La mort de Louis XIV (2016, 115')
Dirección: Albert Serra
Guión: Thierry Lounas, Albert Serra
Montaxe: Ariadna Ribas, Albert Serra, Artur Tort
Fotografía: Jonathan Ricquebourg
Son: Ève Corrêa-Guedes
Música: Marc Verdaguer
Dirección de arte: Sebastian Vogler
Produtora: Capricci Films, Bobi Lux, (Francia), Rosa Filmes (Portugal), Andergraun Films (España)
Distribuidora: Capricci Films
Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1
Idioma orixinal: Francés

FILMOGRAFÍA

Història de la meva mort, 2013
El Senyor ha fet en mi meravelles, 2011
El cant dels ocells, 2008
Honor de cavalleria, 2006
Crespià, the Film not the Village, 2003

FESTIVAIS

Palma de ouro honorífica para Jean-Pierre Léaud (Festival de Canes 2016), Premio Jean Vigo 2016 para Albert Serra; The Wilf Family Foundation Award ao mellor filme International (Jerusalem Film Festival 2016), Gran Prix 2016 ao director de fotografía Jonathan Ricquebourg (Ostrava Camera Oko 2016)

SINOPSE

Año 1715. No retorno a casa, Luis XIV sente unha dor aguda na perna. Quince días máis tarde, encóntrase en cama en Versalles. Este é o comezo da lenta agonía do rei máis grande de Francia, rodeado dos seus máis fieis súbditos.

"Filme formalmente soberbio, de cualidades pictóricas que beben do clasicismo para se entregar tamén ao nebuloso e o abstracto, marca a evolución cara á solidez e a precisión dun dos grandes visionarios do noso tempo"

Javier H. Estrada. CAIMÁN

OS OLLOS VERDES: ALBERT SERRA

A MORTE DE LUÍS XIV + AULA OS OLLOS VERDES

«Metodoloxía e cinema contemporáneo»

SÁBADO 3 DE DECEMBRO 2016
11:30
Entrada libre e gratuíta
até completar aforo. Reservas en
comunicacion@numax.org
Duración estimada: 2 horas

Fotografía: César Lucadamo

"Prefiro polarizar que crear consenso"

Entrevista con Albert Serra
Por Nando Salvà

Jean-Pierre Léaud é historia viva do cinema. Debe de intimidar traballar con el. Non, porque Léaud non ten nada de divo. É un actor moi singular. Unha vez díxome que nunca, xamais, traballara por diñeiro. E iso impactoume moito porque eu sempre pensara que aos actores lles encanta o diñeiro e a sona. Logo, durante a rodaxe, el non foi particularmente obediente comigo e iso gustoume. A xente que me respecta non me gusta, prefiro que sexan irrespectuosos. Despois de todo hai moitos momentos nas rodaxes nas que eu non teño nin idea do que estou a facer.

***A morte de Luís XIV* non ía ser un filme senón unha instalación no Centro Pompidou. Que pasou?** Si, naceu como unha performance. Iámola instalar no hall do museo e mostrar ao monarca a morrer en directo durante 15 días, pero anulouse por problemas de orzamento. A Léaud a idea de substituír a instalación por un filme gustoulle moito porque significou que non tería que se enfrontar en directo aos espectadores. El é un actor que ten unha relación íntima coa cámara, non co público nin cos outros actores. Por iso sempre bota da rodaxe a todo aquel cuxa presenza non sexa absolutamente imprescindíbel, cousa que por outro lado non me parece mal.

Como fomentou esa intimidade? De feito non o fixen, ao contrario. Léaud sempre estivo afeito a traballar cunha soa cámara e a relacionarse de forma estreita con ela; mais eu rodei con tres cámaras, de modo que se sentía confuso. E iso por outra parte dálle ao filme unha complexidade moi particular. A súa cara reflicte unha confusión que debe ser a mesma que sente alguén ao morrer, especialmente alguén moi rico e poderoso que se cre inmune até á morte.

Aí está o tema esencial do filme, non é así? En efecto: o poder absoluto enfrontado á impotencia absoluta. O infindo do poder contra a finito da vida. Nese sentido, o filme pode verse como unha pequena vinganza. A xente corrente a miúdo temos a fantasía de matar aos poderosos: aos políticos, aos banqueiros, aos militares. Eu permitinme o pracer de facer esa fantasía un pouco real.

Asemade, o filme desdramatiza por completo a idea da morte. Si, recrea a banalidade da morte en si propia. E iso é moi pouco común porque os filmes

NA LIBRARÍA NUMAX
OS LIBROS DE ALBERT SERRA

***Sobre la lectura*, Marcel Proust**. Cátedra, 2015
***La literatura*, José M. Valverde**. Montesinos, 1989
***Breve pero auténtica historia de la pintura italiana*, Roberto Longhi**. Visor, 1984
***La cartuja de Parma*, Stendhal**. Alianza, 2015
***Preguntando entre lágrimas. Apuntes sobre Yugoslavia bajo las bombas y en torno al tribunal*, Peter Handke**. Alento, 2011
***El mundo es así*, Patrick French**. Duomo, 2009
***Nadja*, André Breton**. Cátedra, 1997
***Poesía española. Antología 1915-1931*, Gerardo Diego (Ed.)** Visor, 2002
***Popism. The Warhol Sixties. Diarios 1960-1969*, Andy Warhol, Pat Hackett**. Alfabia, 2008
***Diarios*, Andy Warhol**. Anagrama, 2007
***Stalingrado*, Antony Beevor**. Editorial Crítica, 2015

Colabora:

Deputación DA CORUÑA

A MORTE DE LUÍS XIV

[Albert Serra, 2016]

BIOFILMOGRAFÍA

Albert Serra é un artista e realizador catalán, nacido en Banyoles, Girona, en 1975. Licenciado en Filoloxía Hispánica e en Teoría da Literatura Comparada pola Universidade de Barcelona, debuta como realizador en 2008 con *Honor de cavalleria*, libérrima adaptación do Quixote estreada na Quinzaine des Réalisateurs de Cannes e seleccionada por *Cahiers du Cinéma* como un dos dez mellores filmes do ano. Posteriormente asina outras dúas longametraxes arredor de distintos mitos da historia e a cultura occidental como os Reis Magos, a quen dedica *El cant dels ocells*, e *Història de la meva mort*, centrado na transición do Racionalismo ao Romantismo a través das figuras de Casanova e Drácula, premiado co Leopardo de Ouro en Locarno e o Puma de Prata no FICUNAM. *A morte de Luís XIV*, reconstrución dos derradeiros días do monarca francés, foi estreado na Sección Oficial do Festival de Cannes 2016.

adoitan envolver a morte de drama e de transcendencia, mais calquera que vise morrer a alguén sabe que iso é falso. En realidade, un está vivo e de súpeto deixa de estalo. Non hai epifanías. Ademais estou seguro de que mesmo quen está a piques de morrer non cre que vaia morrer, pensa que no último momento vai pasar un milagre.

Percíbese como un filme máis clásico e accesíbel cás súas obras previas, menos excéntrico. Está de acordo? Mais como podería tela feito máis extravagante, respectando a unidade de tempo e espazo e acción, sen botar ao traste a súa verosimilitude? Se alguén é capaz que veña aquí e mo demostre, e quitarei o chapeu. Pero até entón, digo o que Montoro dixo de Aznar: «Se quere axudar entre ao quirófano; se non, non amole: estamos a operar».

Moléstalle ser descrito como clásico e accesíbel? Si. A min gústame facer cousas tolas e ir ao límite, pero aquí esa actitude excéntrica simplemente non cabía. Mais ficade tranquilos, porque se queredes loucura, o meu próximo filme deixaraos servidos. Todos os que empecen a respectarme grazas a este filme volveranme odiar como facían antes.

Preocúpalle o que opinen de vostede? Non, paso de todo. Son como Willy Toledo, completamente inmune ao que a xente diga sobre min. A moitos directores o medo ao que dirán impídelles seren creativos. De feito, a veces os eloxios até me provocan rexeitamento. Como dicía Fernán-Gómez: «Deixen de admirarme, a súa admiración non me fai falla». Prefiro polarizar que crear consenso.

***A morte de Luís XIV* é un filme francés e polo xeral o seu cinema é moito máis popular en Francia ca en España. Que opina diso?** Que conste que non me sinto membro do cinema francés, como non me sinto membro do cinema catalán nin do cinema español. Non me interesa pertencer a ningún gremio. E non me preocupa que aquí non se me apoie, afortunadamente non me fai falla, mais é terríbel o desdén co que en España se trata ao cinema de autor. Paréceme incríbel que as institucións fagan crer á xente que se está a impulsar o cinema, cando non cumpren coa máis mínima responsabilidade educativa. O cinema debera ser unha materia obrigatoria nas escolas.

Séntese só? O que eu fago non o fai ninguén máis e iso complícache a vida. Mais, por outra parte, eu non traballo para facer carreira nin para crear un corpo de traballo, só trato de facer filmes concretos. E sei que o tempo para ben ou para mal cambiará a percepción que se ten de cada un deles. Non me importa se vou ser máis ou menos recoñecido no futuro. Eu non son o importante, o importante son os meus filmes. E saber iso libérame de neuroses e de preocupacións.

Publicado en www.elperiodico.com/es/

A morte de Luís XIV, unha primeira ollada

Jonathan Romney

Os actores levan canda si unha historia na pantalla e os actores máis vellos carrexan inevitabelmente unha historia maior. Mais poucos actores teñen unha historia cunha carga persoal que poderiamos denominar mística como Jean-Pierre Léaud. É unha experiencia moi especial ver un novo filme en Cannes con Léaud como protagonista, sabendo que o festival, e o cinema francés en xeral, mudou tanto desde a revolución avanzada por Léaud no seu primeiro papel, en 1959, n'*Os 400 golpes* de François Truffaut.

Daquela, encarnando a temeraria inocencia da nacente *Nouvelle Vague*, Léaud era un principiño de 14 anos. Hoxe, aos 72, interpreta a un rei que moribundo, nada menos que o Rei Sol, Luís XIV. A curta longa do director catalán Albert Serra é unha obra de cámara que representa o mes final na vida do monarca, partindo as famosas *Memories of Saint-Simon* e as menos célebres memorias do Marquis de Dangeau.

Poderíase dicir que a actuación de Léaud é moi física, no sentido de que se basea na súa propia presenza. De feito non fai gran cousa, se tomamos de referencia unha actuación convencional. Fica no seu leito, recibe visitas, exames médicos, case sempre sen dicir nada (...). O filme de Serra non parodia os rituais e protocolos habituais na corte real de Versalles. Porén, sentimos a espida dicotomía entre a presenza corpórea do rei, co seu corpo moribundo e murcho, e a natureza idealizada do corpo real como símbolo de pureza. A perruca de Léaud é a meirande manifestación disto: unha superficie esponxosa da que emerxe o seu rostro coma un Deus decrépito asomando tras unha nube.

Hai aínda pegadas do intenso mozo que era Léaud nos 60 e 70 en filmes como *Out 1* de Rivette ou os posteriores episodios do ciclo de Antoine Doinel de Truffaut. Pero hai máis do esplendor ruinoso das excéntricas aparicións posteriores de Léaud para directores como Aki Kaurismäki (*Contraté a un asesino a sueldo*) ou Olivier Assayas (*Irma Vep*). A intensidade da súa mirada, aquí un chisco vaga e inescrutábel, acada todo o seu poder nunha longa toma cara ao final do filme no que o rei olla en silencio ao lonxe, imaxe que algúns críticos en Cannes compararon cos planos de remate d'*Os 400 golpes*, a xeito dun círculo que pecha a carreira de Léaud.

Serra asóciase adoito cunha certa tendencia do século XXI que poderiamos denominar como *slow cinema*, que centra o foco en figuras míticas procedentes da ficción, as lendas e a historia: Don Quixote en *Honor de cavalleria*, os Reis Magos en *El cant dels ocells*, Drácula e Casanova en *História de la meva mort*. No seu último estudo arredor dos monstros sagrados, asina un filme cunha estrutura máis clásica, non sentido de que é contido, estático, solemne, dun xeito similar a Straub e Huillet, ao tempo que é extremadamente fermoso e mesmo emocionante. Grazas aos sutís desprazamentos da montaxe cada secuencia flúe sen atrancos coa seguinte, namentres a candieira fotografía de Jonathan Ricquebourg lembra os claroscuros de pintores do século XVII como George de la Tour (similar á fotografía de John Alcott en *Barry Lyndon*). Poderíase dicir moito mais sobre este filme estraño e cativador e sobre a actuación de Léaud, sobre a súa profunda contemplación da mortalidade e a historia que merecería ter sido premiado en Cannes, onde se cadra foi o filme máis fermosos entre todos os proxectados.

Publicado en www.bfi.org.uk/
Tradución ao galego: Xan Gómez Viñas

AULA OS OLLOS VERDES

«Metodoloxía e cinema contemporáneo»

SÁBADO 3 DE DECEMBRO 2016
11:30
Entrada libre e gratuíta
até completar aforo. Reservas en
comunicacion@numax.org
Duración estimada: 2 horas

EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Un cinema,
unha libraría
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org